

_____ enderezo a efectos de notificación na rúa San Xulián 1-1º, 36002-Pontevedra, en representación da "Asociación Pola Defensa da Ría" (APDR) da que na actualidade é presidente, quere presentar DENUNCIA ADMINISTRATIVA diante da Xunta de Galicia contra a empresa ENCE, S.A., establecida no lugar de Os Praceres na parroquia pontevedresa de Lourizán, denuncia que fundamenta nos seguintes feitos:

1º.- Incumprimento da autorización de vertido outorgada o 9 de xullo de 2003 por "Augas de Galicia" (Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia).

2º.- Incumprimento da lexislación en materia de vertidos á Ría de Pontevedra.

Fundamentamos a nosa denuncia nos datos de vertido de ENCE correspondentes ao mes de setembro de 2005 aportados por D. Jorge A. Santiso Blanco, Secretario Xeral da "Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible" da "Xunta de Galicia", a requerimento da nosa Asociación, datos que figuran -xunto coa carta remitida polo propio Sr. Santiso- como anexo.

Antecedentes:

A fábrica de pasta de papel que a empresa ENCE S.A. ten ubicada en Lourizán, en terreos de dominio público como consecuencia da concesión outorgada por O.M. do MOPU de 13 de xuño de 1958, ten incumplido de forma sistemática a lexislación en materia medioambiental, tanto no que fai aos seus vertidos á Ría como ás emisións atmosféricas, ocasionando danos (ás veces irreparables) no medio ambiente, nos recursos naturais e sobre a saúde e calidade de vida das persoas, feitos todos eles probados definitivamente na sentenza condenatoria pola comisión dun "delicto ecolóxico continuado" (artigos 347 bis do Código Penal de 1973 e 325 do Código Penal de 1995), dous "delictos de danos continuados" (artigo 563 do Código Penal de 1973) e catro "faltas contra das persoas" (artigo 582 do Código Penal de 1973) dictada pola Audiencia Provincial de Pontevedra con data do 5 de novembro de 2002.

Non se debe esquecer que a Ría de Pontevedra ten unha indudábel vocación pesqueira e marisqueira, e que os vertidos de ENCE teñen unha incidencia negativa sobre este sector; neste sentido, e aínda que non se trata aquí de reproducir aquela sentenza, convén recoller algún dos parágrafos onde se deixaba clara esta incidencia negativa. Así, citando diversos Informes da Consellería de Pesca (realizados entre os anos 1990 e 1998), descríbese "la disminución del oxígeno disuelto en aguas, creando una situación contaminante que provoca efectos negativos en la vida o emigración de las especies" y que "confirmaron la existencia de una zona improductiva en el banco próximo a ENCE"; informes posteriores (RENVACAG, Instituto Oceanográfico de Vigo, Instituto Nacional de Toxicología) advertían da existencia de outras concentracións de mercurio "que desde 1985 y con anterioridad, constan en seres vivos niveles superiores a los permitidos", niveis que son considerados "susceptibles de provocar alteraciones en especies marinas a diferentes niveles".

Sería certamente grave que, logo de teren sido condeada a empresa pola contaminación dos seus vertidos e pola enorme incidencia negativa sobre o medio, os recursos naturais e a calidade de vida das persoas, seguira mantendo niveis de contaminación por fóra da legalidade, e máis

se temos en conta que a Ría de Pontevedra foi declarada como "zona sensíbel" pola U.E. pola outra contaminación orgánica que soporta (de forma especial no que fai ao contido en Fósforo e Nitróxeno totais), o que exige un rigoroso control de vertidos que asegure a calidade das augas da Ría, obxectivo fixado na autorización de vertido á empresa.

Fundamentos de dereito:

Na "Asociación Pola Defensa da Ría", que ten presentado en tempo e forma alegacións á denominada "renovación da autorización de vertido" á empresa ENCE, seguimos a considerar desaxeitada a autorización de vertido outorgada no seu día por Augas de Galicia á empresa, unha renovación que consideramos non procedente pois ENCE carecía naquel intre dunha autorización regulamentaria e, en calquera caso -e dacordo co artigo 58.4 da Lei de Costas e o artigo 116 do RD 1471/1989- as autorizacións de vertido non son renovabeis. Pero, ademais, os límites fixados na autorización de vertido superan os establecidos na lexislación aplicábel, tanto na Directiva 91/271/CEE como no RD Lei 11/1995 e o RD 509/1996 que o desenvolve. Incumpre tamén a Lei de Costas, que no seu artigo 58.1 exige a inclusión na autorización dun canon de vertido, que nen se establece na citada autorización nen existía con anterioridade ao non existir autorización de vertido regulamentaria. Tal e como exige a Orden de 13 de xullo de 1993, pola que se aproba a instrución para o proxecto de conducións de vertidos desde terra ao mar (artigo 5.2.4.), na autorización deberíase contemplar un "Programa de Vixiancia e Control" que permitira a comprobación estrutural e funcional do emisario submarino que está a utilizar ENCE para o vertido das súas augas residuais á Ría de Pontevedra, programa que non se contempla en absoluto; hai que ter en conta, ademais, que o proxecto de emisario é do 1989 e que non se ten feito nengunha revisión do seu estado estrutural e funcional.

Todos estes criterios, nos que nos reafirmamos, seguen sendo válidos na actualidade.

Pero, con independencia destas consideracións previas que vimos de facer ao respecto da autorización de vertido, o que sí é certo é que os datos dos vertidos de ENCE aportados desde a Xunta de Galicia, incumpren a citada autorización.

En efecto, e dacordo co afirmado polo Sr. Santiso, os únicos datos existentes para o mes de setembro son os remitidos á nosa Asociación, que tal e como se pode ver, corresponden a unha única mostra recollida ás 11,15 horas do día 8 de setembro de 2005 "antes da incorporación do vertido de ELNOSA e do posterior envío ao emisario submarino"; a autorización de vertido, na súa condición 9ª, apartado a "Control do efluente", obrígalle a ENCE a facer análises diarios do mercurio, semanais para Cadmio, Sólidos en Suspensión (SS), Demanda Química de Ousíxeno (DQO), Fósforo total, Nitróxeno amoniacal e AOX, e quincenais para a Demanda Biolóxica de Ousíxeno (DBO), e remitilos cada mes a Augas de Galicia. Evidentemente, neste particular existe un claro incumprimento da autorización de vertido por parte da empresa.

Doutra banda, nese mesmo apartado, a autorización de vertido obrígalle a ENCE a facer análise en contínuo dos parámetros pH, Temperatura e caudal de vertido, dos que dí "se remitirá un valor medio diario". Tal e como se pode observar nos datos aportados pola Xunta de Galicia, só figura o dato de pH para unha única mostra e non figura nengún dato relativo á Temperatura, un parámetro que -xunto coa carga de contaminación orgánica- vense relacionando coa maior persistencia das chamadas "mareas vermellas" na nosa Ría, que como é sabido causan fortes perdas económicas no sector marisqueiro. Do mesmo xeito, non se fai referencia nengunha ao caudal de vertido. Neste sentido, tampouco se está a cumprir a autorización de vertido nestes aspectos.

Pero, ademais, os datos analíticos correspondentes á uneca mostra do vertido de ENCE, incumpren a lexislación vixente en materia de vertidos, cando menos para 4 dos parámetros considerados: DBO, DQO, SS e Fósforo total. En efecto, e tal como se recolle na condición 5ª da citada autorización de vertidos, os vertidos de ENCE teñen que cumprir co establecido no apartado IV da Lei 8/2001 “de protección da calidade das augas das rías de Galicia”, a coñecida popularmente como “Lei das Rías”, a Directiva 91/271/CEE sobre o “tratamento das augas residuais urbanas” e “todas aquelas outras que poideran ser de aplicación”.

A mostra recollida no vertido de ENCE, supera os valores máximos permitidos no Real Decreto 509/1996 (que desenrola o Real Decreto Lei 11/1995 que á súa vez incorpora ao ordenamento xurídico español o contido da Directiva 91/271/CEE citada) para os seguintes parámetros:

- 1º.- DBO, que acada un valor de 40 mg/L fronte aos 25 mg/L que establece a Lei.
- 2º.- DQO, que acada un valor de 210 mg/L fronte aos 125 mg/L fixados na Lei.
- 3º.- SS, que acada un valor de 39 mg/L fronte aos 35 mg/L establecidos pola Lei.
- 4º.- Fósforo total, que acada un valor de 2,60 mg/L fronte ao 1mg/L que fixa a Lei.

Convén suliñar, ademais, que en nengún caso se podería argumentar –como se ten feito algunha vez desde a administración autonómica- que os valores de vertido de ENCE para estes parámetros acadarán os niveis permitidos pola lexislación logo de seren introducidos no emisario submariño, pois os valores límite fixados pola Lei non se poden acadar en nengún caso mediante dilución do vertido, algo que non só ven imposto pola lóxica (en caso contrario non se estaría protexendo de forma axeitada o medio receptor dos vertidos) senón tamén pola propia lexislación, que proibe expresamente (Lei 8/2001) este xeito de actuar.

Para a APDR, a reiteración no incumprimento da lexislación é motivo máis que suficiente para aplicar unha sanción de carácter exemplar e obriga á administración a intervir de maneira drástica para impedir que se manteña por máis tempo unha situación que está a estragar sistematicamente o medio natural da nosa Ría, os recursos pesqueiros e marisqueiros e a economía e calidade de vida das persoas.

Polo exposto, solicita que por presentado este escrito teña por interposta DENUNCIA ADMINISTRATIVA en materia medioambiental procedendo en base á mesma a incoar o oportuno expediente de infracción co fin de depurar as responsabilidades á que deran lugar os feitos relatados.

En todo caso, que se nos teña como parte interesada no presente procedemento a todos os efectos.

En Pontevedra a 1 de febreiro de 2006.